

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA E O CONCELLO DE RIBADEO PARA A MELLORA PAISAXÍSTICA E DAS CONDICIÓNS DE SEGURIDADE DO ENTORNO DO CARGADOIRO

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia de Turismo de Galicia formalizou co Concello de Ribadeo o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2024.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e o Concello de Ribadeo para a mellora paisaxística e das condicións de seguridade do entorno do Cargadoiro.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- A Axencia de Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 9 dos seus estatutos, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro, é a entidade pública instrumental do sector público autonómico de Galicia á que lle corresponde o impulso e execución da política turística da Xunta de Galicia en relación coa promoción da calidade e a innovación, o desenvolvemento, mellora, información e difusión do sector turístico galego, potenciando a devandita oferta, mediante a comercialización, información e difusión do produto turístico da Comunidade Autónoma de Galicia.

Para lograr esta finalidade a Axencia de Turismo de Galicia acomete, no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través daquelas accións que lle permiten acadar os seus obxectivos.



Segundo.- Que o Concello de Ribadeo é consciente de que o seu Patrimonio é o seu máis grande ben, entendendo Patrimonio no seu senso máis amplo, é dicir, o conxunto de bens dunha comunidade, incluíndo nese conxunto tanto os bens herdados como os de nova adquisición, tanto os naturais como os culturais. Partindo desta base o Concello de Ribadeo está levando a cabo, dende fai anos, unha serie de iniciativas cun obxectivo común: por en valor, é dicir, rendibilizar o seu Patrimonio para dalo a coñecer, conservalo e para a promoción turística.

Terceiro.- Que O Cargadoiro é unha área recreativa e miradoiro situada moi preto do casco urbano de Ribadeo, que serve como lugar de esparexemento dos ribadenses e visitantes.

En primeiro lugar cómpre destacar a importancia histórica deste lugar, pois tratábase dun cargadoiro de mineral que formou parte da infraestrutura do Tren Mineiro, que dende principios do século XX ata os anos cincuenta do século pasado transportaba mineral dende as minas de Vilaoudriz ata Ribadeo, ao longo de 33 km, para ser descargado neste lugar en barcos para a súa exportación.

Hai uns 20 anos todo este espazo foi restaurado polo Servizo Provincial de Costas en Lugo para ser destinado ao seu uso actual.

Dende o punto de vista medio ambiental, todo este entorno trátase dun espazo natural protexido, ao formar parte da Rede Natura 2000 como Zona de Espacial Conservación (ZEC) e Zona de Espacial Protección para as Aves (ZEPA), e zona núcleo da Reserva da Biosfera do Río Eo, Oscos e Terras de Burón.

Atendendo á súa importancia turística, estase a falar dun espazo de esparexemento moi próximo ao casco urbano de Ribadeo, dun relevante valor histórico e ambiental para os veciños e visitantes.

Analizando o estado actual do entorno do Cargadoiro obsérvanse múltiples deficiencias que supoñen unha mala imaxe para este espazo, podendo supoñer nalgún caso mesmo un risco para a seguridade dos usuarios desta área recreativa.



As accións que se pretenden levar a cabo consistirán na colocación de balaústres, varandas, táboas no chan, táboas de bancos e tapas de columnas, reparación do cargadoiro desde o seu interior, pintado de bancos e substitución de papeleiras.

Con esta actuación quérese potenciar un elemento patrimonial do concello, favorecendo o uso e goce do entorno por parte de veciños e visitantes, revalorizando o patrimonio e fomentando o turismo patrimonial como un instrumento de reequilibrio territorial, o que supón a posta en valor turístico da citada infraestrutura.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alieo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela

O xerente de Turismo de Galicia

Antonio Casas Calviño

